

UNIDADE DE MEDICINA NUCLEAR DE OURENSE

A Medicina Nuclear é unha especialidade que emprega isótopos radioactivos para o diagnóstico mediante imaxes ou para o tratamento de diversas enfermidades. A súa maior vantaxe é a precocidade no diagnóstico, ao detectar en imaxes fenómenos metabólicos ou funcionais antes de que se altere estruturalmente o órgano a estudar.

A variedade de exploracións é ampla, incluíndo patoloxías coronarias, neurolóxicas, endócrinas, renais ou do aparello locomotor, así coma o diagnóstico de enfermidades oncolóxicas.

As técnicas de diagnóstico baséanse en radio-fármacos ou radiotrazadores, substancias que teñen afinidade por un tecido ou órgano e permiten a obtención de imaxes morfolóxicas, funcionais e morfo-funcionais mediante gammacámaras ou tomocámaras. O uso de radio-fármacos en doses máis elevadas pode ser utilizado como tratamento dalgúns procesos inflamatorios, como a artrite; ou ben tumorais, coma o cancro de tiroide.

MÁIS INFORMACIÓN


Información para
pacientes da
Unidade de
Medicina Nuclear

Información para
profesionais da
Unidade de
Medicina Nuclear

CERTIFICADO DE CALIDADE

Certificado ISO
9001 


Sobre o servizo



O Servizo de Medicina Nuclear é un servizo clínico que presta atención sanitaria e técnica a pacientes con patoloxía oncolóxica, cardiolóxica, endocrinolóxica, neurolóxica, nefrolóxica, urolóxica, ósea e doutras especialidades. Entre os seus obxectivos figura a aplicación de todos aqueles avances que permiten a tecnoloxía de

medicina nuclear dispoñible para a realización de probas funcionais, morfolóxicas, dinámicas e morfofuncionais, baseadas en principios bioquímicos, fisiolóxicos e fisiopatolóxicos, encamiñadas a acadar a maior cantidade de información sobre o proceso do paciente ou ben para a aplicación de terapias dirixidas a unha diana biolóxica concreta. Traballa en colaboración cos servizos de cardioloxía para a realización conxunta de determinadas probas diagnósticas.

A unidade iniciou a súa actividade no hospital Santa María Nai no ano 2001 cunha gammacámara e foi renovando e ampliando os seus recursos técnicos. En concreto no ano 2004 dotouse dunha segunda gammacámara SPECT. Na actualidade conta con dúas gammacámaras SPECT/CT de última xeración e un tomógrafo PET/TC. Dispón ademais dunha sala de probas de esforzo para a realización de estudos cardiolóxicos, probas pulmonares ventilatorias e un equipo de captación tiroidea.



En canto ao seus espazos trala última remodelación realizada no ano 2023, o servizo conta con dúas áreas: unha localizada no Hospital Sta Mª Nai e outra no Hospital Cristal. O acceso á área situada no Hospital Santa María Nai realízase dende o exterior cun aparcamento para doentes con necesidades especiais. Nesta área é onde se realizan os estudos coas dúas gammacámaras SPECT/TC de última xeración. Conta con salas de agarda diferenciadas para doentes non inxectados, doentes inxectados adultos, doentes inxectados pediátricos e doentes ingresados. O acceso á área situada no Hospital Cristal, área PET, tamén se fai dende a planta sótano dende o exterior, na mesma zona de acceso a Oncoloxía Radioterápica e Farmacia. Tamén se pode acceder dende a entrada principal do Hospital Cristal. A área PET/TC está dotada de catro boxes individuais para doentes inxectados con radiofármacos PET e sala de espera para familiares. A chamada faise a través de pantallas de aviso para PET.

Quen somos

A unidade conta cun total de 9 [profesionais](#) (3 facultativos especialistas (1 xefe de servizo), enfermaría, técnicos especialistas, persoal de xestión e servizos e persoal administrativo.





Que facemos

É o servizo de referencia para todas as probas de Medicina Nuclear na área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras. As gammacámaras e tomógrafo PET dos que dispón o servizo permiten realizar [todas as técnicas diagnósticas](#) que se levan a cabo a día de hoxe nos centros máis avanzados do mundo.

Na área de Medicina Nuclear fanse tanto estudos planares como tomográficos híbridos en diferentes patoloxías. Como isótopo radiactivo na maior parte dos casos emprégase $[^{99m}\text{Tc}]\text{Tc}$ unido a diferentes sustancias segundo o órgano a estudar.

Na área PET/TC emprégase $[^{18}\text{F}]\text{FDG}$ para realizar estudos diagnósticos oncolóxicos na súa maioría tanto en cancro de pulmón, mama, xenitourinario, hematolóxico, etc.



A nosa tecnoloxía

Gammacameras SPECT/CT:

- Discovery 870 DR G.E (2)

Tomografía por emisión de positrons

- BIOGRAPH mCT SIEMENS.


Outro equipamento

- PET Infusión System Medrad Intego de Bayer
- Equipo de captación Tiroidea: Captus 4000e
- Ergómetro T2100 G.E
- Sonda gammadetectora neoprobe GDS
- Equipo de ventilación pulmonar Technegas



Onde estamos





Rúa Rúa Ramón Puga, 52-54, 32005 Ourense

[Localización en Google Maps.](#)

Área Medicina Nuclear:



Hospital Santa María Nai

Planta -1 (acceso dende o exterior, diante do Laboratorio).

Conta cun aparcadoiro para doentes con necesidades especiais.

Área PET/TC:



Hospital Cristal

Planta -1 (acceso dende a entrada principal ou polo exterior na mesma zona de acceso de Farmacia e Oncoloxía Radioterápica).

Horario de funcionamento:

Luns a venres de 8:00 a 15:20 horas

Liñas de autobús para chegar ao hospital:

- 6A (Estación autobuses antiga - Residencia)
- 6B(Estación de autobuses antiga -Residencia).
- 4 (Covadonga-Residencia- Barrocás).
- 13A (Palmés – Residencia).
- 18 (Milagrosa – Residencia).
- 21 (6º Instituto – Residencia).
- 26 (Chavasqueira- Residencia).

Disponibilidade de aparcadoiro público de pago.

Aparcadoiro Hospital Santa Mª Nai : Barrio Regueiro Fozado 12, 32005- Ourense.

Parking Saba Complexo Hospitalario Universitario de Ourense: Camiño Portalón do Casar, 32005 - Ourense

Teléfonos de contacto

Teléfono xeral: 988385500

Secretaría: 988385394

